

# MUVERS!

^ *activ@*

+ *saudable*

∩ *happy*



## Memoria de actividades deportivas e saudables

2020/2021



Máis información en [uvigo.gal/deporte](http://uvigo.gal/deporte)





# Índice

## **1.- ACTIVIDADES NAS INSTALACIÓNS PROPIAS**

*1.1 Persoas aboadas*

*1.2 Actividades de uso libre*

*1.3 Actividades dirixidas*

*1.4 Escolas de iniciación deportiva*

## **2. ACTIVIDADES NA NATUREZA**

*2.1 Augaventura*

*2.2 Exploracampus*

## **3. COMPETICIÓNS UNIVERSITARIAS**

## **4. DEPORTE FEDERADO**

*4.1 Campus de Ourense*

*4.1.1 Sección federada de baloncesto*

*4.1.2 Club deportivo Dereito-Empresariais de Tenis*

*4.1.3 Club Xadrez Campus de Ourense*

*4.1.4 Campus Universitario Ourense Coosur de Rugby*

*4.2 Campus de Pontevedra*

*4.2.1 Escola Xadrez Pontevedra – Universidade de Vigo*

*4.3 Campus de Vigo*

*4.3.1 Sección federada de tenis*

*4.3.2 Sección federada de carreiras de orientación*

*4.3.3 Sección federada de carreiras populares*

*4.3.4 Rugby: Kaleido Universidade de Vigo*

## **5. PROMOCIÓN DA SAÚDE**

*5.1 Cuestionarios de aptitude para o exercicio*

*5.2 Servizos de medicina deportiva e valoración funcional*

*5.3 Fisioterapia*

*5.4 Actividades da Rede Española de Universidades Promotoras da Saúde*

## **6. EVENTOS**

*6.1. Organizados pola Área de Benestar, Saúde e Deporte*

*6.2 Sedes doutras actividades e eventos*

## **7. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E DIVULGACIÓN**

*7.1 Programa de recoñecemento de créditos*

*7.2 Bolsas e prácticas do alumnado*

## **8. OUTRAS ACTUACIÓNS**

*8.1 Internacionalización*

*8.2 Calidade*

*8.3 Igualdade*

*8.4 Formación do persoal propio*

## **9. ALIANZAS**

*9.1 Centros deportivos colaboradores*

*9.2 Novos convenios e acordos de colaboración*

## **10. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS**

*10.1 Instalacións propias*

*10.2 Relación das entidades usuarias*

*10.3 Instalacións de xestión allea nos campus*

## **11. COMUNICACIÓN E REDES SOCIAIS**

*11.1 Web institucional da Uvigo e plataforma Campusactivo*

*11.2 Redes sociais*

## **12. ARQUIVO DE PRENSA**



**ACTIVIDADES EN  
INSTALACIONES  
PROPIAS**

Os tres campus da Universidade de Vigo (Ourense, Pontevedra e Vigo) dispoñen de instalacións deportivas propias das que poden facer uso tanto as persoas da comunidade universitaria como as persoas externas a esta.

## 1.1 Persoas abonadas

O abono mUVer da Área de Benestar, Saúde e Deporte proporciona acceso libre ás instalacións deportivas universitarias e a un importante abano de actividades dirixidas, ademais de ofrecer descontos noutras moitas actividades e servizos de pago.


Durante o curso 2020/2021 a media mensual de persoas aboadas entre os tres campus foi de 969 persoas.

Cabe salientar que en febreiro de 2021 produciuse unha importante diminución do número de persoas abonadas debido á finalización da prórroga dos abonos do curso anterior, aos que se ampliara a súa vixencia despois do peche das instalacións deportivas por mor da pandemia de COVID-19.

	Ourense			Pontevedra			Vigo			Conxunto Uvigo		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F	T
<b>Media mensual de mUVers</b>	263	135	394	153	103	256	219	96	315	635	334	<b>969</b>
%	66	34	41	60	40	27	70	30	32	65	35	100

A distribución entre homes e mulleres foi de 65 % homes e 35 % mulleres, o que supuxo unha diminución de 5 puntos na participación feminina respecto a anos anteriores.

A evolución das persoas abonadas ao longo do curso en cada campus podemos vela na seguinte gráfica.



## 1.2 Actividades de uso libre

As actividades de uso libre individual máis practicadas nas instalacións deportivas foron o atletismo, o fitness e a escalada, con máis de 2000 persoas usuarias entre os tres campus. Neste tipo de actividades destaca a participación masculina, con porcentaxes próximos ao 70 %, mentres que as mulleres mostraron unha maior preferencia polas actividades dirixidas, tal e como podemos ver na seguinte táboa.

	Ourense			Pontevedra			Vigo			Conxunto Uvigo		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F	T
<b>Atletismo</b>	305	147	452	0	0	0	311	109	420	616	256	<b>872</b>
<b>BTT</b>	0	0	0	0	0	0	11	2	13	11	2	<b>13</b>
<b>Fitness</b>	386	161	547	179	119	298	333	123	456	898	403	<b>1301</b>
<b>Escalada</b>	0	0	0	0	0	0	60	24	84	60	24	<b>84</b>
<b>Total</b>	691	308	999	179	119	298	715	258	973	1585	685	<b>2270</b>
%	69	31	44	60	40	13	73	27	43	70	30	100

## 1.3 Actividades dirixidas

Entre as actividades dirixidas que se inclúen de balde no abono mUVer, ioga e zumba mantivéronse entre as máis populares. A maioría das persoas participantes nestas actividades son mulleres, que chegan a ser máis do 80%.

	Ourense			Pontevedra			Vigo			Conxunto Uvigo		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F	T
<b>Adestramento funcional</b>	0	5	5	0	1	1	5	9	14	5	15	<b>20</b>
<b>Body pump</b>	2	14	16	0	0	0	0	0	0	2	14	<b>16</b>
<b>Ciclo indoor</b>	2	17	19	0	1	1	0	0	0	2	18	<b>20</b>
<b>CORE</b>	0	0	0	0	0	0	1	14	15	1	14	<b>15</b>
<b>HIIT</b>	0	0	0	9	23	32	0	0	0	9	23	<b>32</b>
<b>Ioga</b>	2	15	17	0	0	0	6	31	37	8	46	<b>54</b>
<b>Pilates</b>	0	0	0	5	20	25	0	0	0	5	20	<b>25</b>
<b>Zumba</b>	3	36	39	0	0	0	0	0	0	3	36	<b>39</b>
<b>Total</b>	9	87	96	14	45	59	12	54	66	35	186	<b>221</b>
%	9	91	43	24	76	27	18	82	30	16	84	100

## 1.4 Escolas de iniciación deportiva

Durante o curso 2020/2021 a Área de Benestar, Saúde e Deporte desenvolveu varias escolas e cursos de iniciación de carácter non federado co obxectivo de achegar aos participantes á práctica de diferentes modalidades deportivas dun xeito lúdico. Debido ás restricións derivadas do control da COVID-19, o programa centrouse en actividades sen contacto físico, entre as que destacaron pola súa demanda o tenis e o voleibol.

A participacións nestas actividades estivo bastante equilibrada respecto ao xénero, pois no cómputo total o porcentaxe achegouse ao 50%. Aínda así, pódense observar claras diferenzas entre modalidades.

	Ourense			Vigo			Conxunto Uvigo		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T
<b>Bádminton</b>	0	0	0	6	1	7	6	1	7
<b>Defensa persoal</b>	1	8	9	0	0	0	1	8	9
<b>Escalada</b>	0	0	0	10	11	21	10	11	21
<b>Tenis</b>	12	10	22	20	22	42	32	32	64
<b>Tenis infantil</b>	12	9	21	0	0	0	12	9	21
<b>Tenis de mesa</b>	0	0	0	2	0	2	2	0	2
<b>Voleibol</b>	17	6	23	0	0	0	17	6	23
<b>Volei Praia</b>	6	2	8	0	0	0	6	2	8
<b>Total</b>	48	35	83	38	34	72	86	69	155
<b>%</b>	58	42	54	53	47	46	55	45	100







**ACTIVIDADES  
NA NATUREZA**

Dende a Área de Benestar, Saúde e Deporte, en colaboración con empresas especializadas do sector, propuxéronse diferentes opcións para que a comunidade universitaria tivera oportunidade de achegarse aos beneficios da práctica deportiva na natureza.

## 2.1 Augaventura

Un dos obxectivos principais da Área de Benestar, Saúde e Deporte é a iniciación á práctica deportiva. Nese sentido, a maior parte dos programas e eventos preséntanse de forma lúdica para que así sexan a primeira inmersión ou estímulo para continuar coa práctica deportiva moderada e regular. O programa específico de actividades no medio acuático é un exemplo disto.

Augaventura desenvolveuse por décimo curso académico consecutivo en condicións económicas moi vantaxosas e en dúas quendas (unha en outono e outra en primavera). Nesta ocasión, os deportes realizados foron os que figuran na seguinte táboa. A participación chegou en total ás 346 persoas, repartidas entre 143 homes e 203 mulleres.

<i>Actividades</i>	M	F	T
<b>Descenso de rápidos</b>	32	31	<b>63</b>
<b>Kayak + Snorquel + Andaina</b>	20	39	<b>59</b>
<b>Flyboard</b>	4	16	<b>20</b>
<b>Mergullo</b>	17	22	<b>39</b>
<b>Surf</b>	38	55	<b>93</b>
<b>Wakeboard</b>	15	19	<b>34</b>
<b>Windsurf</b>	17	21	<b>38</b>
<b>Total</b>	143	203	<b>346</b>
<b>%</b>	41	59	100



## 2.2 Exploracampus

Exploracampus é unha iniciativa que se puxo en práctica este curso, por vez primeira e de xeito experimental, nos campus de Pontevedra e Vigo. Incluíu actividades e recursos localizados na contorna dos campus universitarios para a práctica deportiva ao aire libre.

A porcentaxe de participación estivo bastante equilibrada respecto ao xénero, aínda que máis mulleres participaron en total, cun 59% de mulleres e 41% de homes.

	Pontevedra			Vigo			Conxunto Uvigo		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T
<b>Orientación</b>	0	0	0	5	17	22	5	17	<b>22</b>
<b>Running</b>	3	1	4	0	2	2	3	3	<b>6</b>
<b>Rutas a pé</b>	2	1	3	6	11	17	8	12	<b>20</b>
<b>Rutas BTT</b>	5	1	6	0	0	0	5	1	<b>6</b>
<b>Xeocaching</b>	0	0	0	3	2	5	3	2	<b>5</b>
<b>Total</b>	10	3	13	14	32	46	24	35	<b>59</b>
<b>%</b>	77	23	22	30	70	78	41	59	100






**COMPETICIÓN  
UNIVERSITARIAS**

**O conxunto do programa de competicións universitarias quedou sen desenvolver neste curso debido ás medidas sanitarias que se tiveron que levar a cabo por mor da COVID-19.**

**Non foi posible a realización de competición interna algunha e tampouco os campionatos universitarios galegos, os Xogos Deportivos Universitarios Galaico-Durienses ou os Campionatos de España Universitarios (CEUs).**



**DEPORTE  
FEDERADO**

## 4.1 Campus de Ourense

### 4.1.1 Sección federada de Baloncesto

Por mor da pandemia da COVID-19, a sección federada de baloncesto optou por non participar en competicións oficiais. Porén, mantivéronse os adestramentos de forma regular para manter a forma física e continuar coa práctica do deporte. Para iso, establecéronse grupos burbulla en ambas categorías (masculina e feminina).

#### *Adestrador*

Josep Pacreu Terradas

#### *Preparador físico*

Juan Manuel Sánchez Galván

### 4.1.2 Club deportivo Dereito-Empresariais de Tenis

#### *Nº de licenzas na tempada 2020 / 2021:*

<i>Categoría</i>	M	F	T
<b>Benxamín</b>	16	6	<b>22</b>
<b>Alevín</b>	2	2	<b>4</b>
<b>Infantil</b>	16	2	<b>18</b>
<b>Cadete</b>	5	1	<b>6</b>
<b>Júnior</b>	1	2	<b>3</b>
<b>Sénior</b>	39	12	<b>52</b>
<i>Total</i>	79	26	<b>105</b>

As 105 licenzas constitúen un récord na historia do club. Ademais, formouse o equipo sénior feminino despois de moitos anos.



## Competicións

### Autonómicas:

- **Equipo sénior A de División de Honra Prata:** Integrado por 7 xogadores, clasificouse para xogar polo descenso pero mantivo a categoría.
- **Equipo sénior B de Segunda División:** Integrado por 20 xogadores, clasificouse para xogar polo descenso pero mantivo a categoría.
- **Equipo veteranos +35 de Primeira División:** Acadou o ascenso a División de Honra por primeira vez.
- **Equipo veteranos +45 División de Honra:** Xogou polo título de campión galego e resultou eliminado nas semifinais.
- **Equipo veteranos +55 División de Honra:** Integrado por 10 xogadores, non se clasificou para a fase final.
- **Equipo veteranos +60 División de Honra:** Integrado por 8 xogadores, non se clasificou para a fase final.

### Resultados destacables:

- **Equipo sénior A de División de Honra Prata:** 9.º clasificado.
- **Equipo veteranos +35 de Primeira División:** Campións da categoría.
- **Equipo veteranos +45 de División de Honra:** 4.º clasificado.

## 4.1.3 Club Xadrez Campus de Ourense

### Competicións

#### Campionatos provinciais:

Deportistas do club participaron nos campionatos provinciais de xadrez nas distintas categorías (sub8, sub10, sub12, sub14, sub16, feminino, veterano e sénior), dos que destacan Miguel e Marcos Reza, xogadores da categoría sub18 que compiten no máximo nivel no xadrez provincial.

#### Campionatos galegos:

Os campionatos galegos celebráronse durante a Semana Santa do ano 2021. Os irmáns Miguel e Marcos Reza acadaron un posto entre os dez primeiros na categoría sub18. Adrián González defendeu os seus puntos de ELO na categoría absoluta. O club tamén participou no Campionato Galego de Rápidas e Relámpago, así como na Copa de Galicia.

#### Campionatos de España:

O club participou no campionato sub14 de rápidas.

### *Torneos en liña:*

Durante o curso 2020-2021 a maior parte das competicións realizáronse a través de plataformas online. O club participou de forma activa en multitude de torneos.

### *Outras actividades realizadas:*

- Desenvolvemento da Escola Universitaria de Xadrez: Actividade de dúas horas semanais impartida polo GM Arian González. A partir do mes de outubro comezou a impartirse un segundo curso de iniciación.
- II Torneo Online Campus Ourense: Destaca a participación dos Grandes Mestres David Lariño (gañador do torneo) e Arian González (terceiro clasificado). Luis Marcos Merdado (Mestre FIDE) obtivo a segunda posición.
- Organización do VII Torneo Internacional Campus Ourense. Contou coa participación de 98 xogadores, dos que destacan 10 xogadores titulados pola FIDE (Federación Internacional de Xadrez), entre eles 4 Grandes Mestres.

### *VII Torneo Internacional do Campus de Ourense:*

Organizouse este torneo, no que participaron 98 persoas entre as que destacan 4 Grandes Mestres e un total de 10 xogadores titulados.

O torneo disputouse na modalidade de xadrez rápido o día 2 de outubro de 2021.

O primeiro posto o obtivo Arian González, seguido do GM Aleksa Strikovic en segundo lugar e Xulio de Prado en terceiro lugar.

## **4.1.4 Club Campus Universitario Ourense Coosur de Rugby**

### *Competicións e categorías:*

- Sénior A masculino, en división de honra B (2.º nivel nacional).
- Sénior B masculino, 1.º na división autonómica.
- Sénior feminino, 1.º na división autonómica.
- Sub-18 mixto na división autonómica.

### *N.º total de licenzas:*

En total houbo 102 licenzas: 50 na categoría sénior masculina, 15 na categoría sénior feminina, 17 na categoría sub18 e 20 no resto de categorías inferiores.

### *Resultados destacables:*

O equipo sénior feminino foi campión de liga. O sénior A clasificouse en 6.º lugar e participou nos play-off polo título da liga.

## 4.2 Campus de Pontevedra

### 4.2.1 Escola Xadrez Pontevedra - Universidade de Vigo

#### *Adestradores*

Pablo García Castro, *Mestre Internacional, FIDE Trainer, Organizador Internacional*

Daniel Rivera Kuzawka, *Mestre Internacional, FIDE Trainer*

#### *N.º total de licenzas*

Un total de 152 deportistas formaron parte da Escola Xadrez Pontevedra - Universidade de Vigo na tempada 2021, 120 na categoría masculina e 32 na feminina.

#### *Resultados en competicións internacionais:*

12 xogadores participaron en competicións oficiais. A continuación figura o informe de participación e resultados dos deportistas en competicións internacionais valedoiras para a clasificación mundial rexistrada pola Federación Internacional de Xadrez.

#### *Deportista con mellor clasificación mundial:*

Manuel Pena Gómez, *Gran Mestre Internacional*

ELO xaneiro: 2.492 ELO decembro: 2.492 Variación anual: +0

#### *Xuvenil con mellor clasificación mundial:*

José Francisco Veiga Neves

ELO xaneiro: 2.340 ELO decembro: 2.342 Variación anual: +2

#### *Deportista feminina con mellor clasificación mundial:*

Carmen Portela Medraño

ELO xaneiro: 1.159 ELO decembro: 1.197 Variación anual: +38

#### *Deportista co maior ascenso na clasificación mundial:*

Juan Manuel Martínez Montes

ELO xaneiro: 1.874 ELO decembro: 2.070 Variación anual: +196

### ***Competicións de equipo:***

#### *Copa de Galicia*

Xadrez Estratexia pola Paz: Título de Campión na categoría Cadete.

#### *Campionato Nacional de Seleccións Autonómicas*

Quinta posición na categoría Cadete

### ***Competicións individuais:***

#### *Campionatos galegos*

#### *Campionatos galegos Sub-14 e Sub-16*

Rubén Fernández: Campión Galego Sub-16 (7 puntos)

Juan Manuel: Subcampión Galego Sub-16 (6,5 puntos)

Miguel Alonso: 8º Sub-16 (4,5 puntos)

Javier Caudet Soto: 6º Sub-14 (6 puntos)

Olivia Rocha González: 9º Sub-14 (5,5 puntos)

#### *Campionato Galego absoluto lóstrego*

Rubén Fernández: 3º clasificado.

David García: 10º clasificado.

#### *Campionatos de España*

Rubén Fernández: Subcampión de España Sub-16 e Bronce na modalidade de Xadrez Rápidas.

## ***4.3 Campus de Vigo***

### ***4.3.1 Sección Federada de Tenis***

Equipos tenis C. D. Universidade de Vigo

#### ***Adestrador***

Jorge Comesaña Comesaña, monitor nacional.

#### ***Licenzas:***

Esta tempada, a Sección Federada de Tenis da Universidade de Vigo contou cun total de 35 deportistas (25 homes e 9 mulleres).

### *Campionatos galegos por equipos:*

- **Equipo Veteranos + 35 “División Ouro”:** Permanencia.
- **Equipo masculino absoluto A, División Ouro:** Descenso a prata.
- **Equipo masculino absoluto B, División Prata:** Descenso a 1ª.
- **Equipo femenino absoluto, División Ouro:** Descenso a Prata.

### *4.3.2 Sección federada de carreiras de orientación*

Debido as restricións impostas pola pandemia de COVID-19 o número de carreiras de orientación realizadas foi limitado, especialmente durante o ano 2020.

A Liga Galega de Orientación estivo suspensa no período dende o 1 de setembro ao 31 de decembro.


#### *Carreiras*

- **Federación Castellano Manchega, XIV Trofeo Quijotes, 5 días de España, en Serranía Alta (25/08/2020):**
  - Participaron 6 compoñentes do equipo da UVigo.
  - 8º posto en F50 de Begoña Crespo.
- **Club Alcor-Extremadura, Campionato de España de Orientación, en Jerez de los Caballeros (5/12/2020):**
  - Participaron 6 compoñentes do equipo da UVigo.

#### *Liga Galega de Orientación*

- **1ª proba de O-Pé, Club Fluvial de Lugo (6/03/2021).**  
16 participantes
- **II Raid Fluvial de Lugo (13/03/2021).**  
2 equipos participantes
- **2ª proba de O-Pé, Club Peña Trevinca (20/03/2021).**  
15 participantes
- **1ª proba de MTBO 1º Trofeo O Bolo (21/03/2021).**  
5 participantes
- **3ª proba de O-Pé, Abadín (17/04/2021).**  
17 participantes
- **Campionato Galego de O-Pé, Paderne (24/04/2021).**  
19 participantes

- **2ª proba da Liga Galega de Raid, Club Gallaecia Raid, Cambre (1/05/2021).**  
2 equipos participantes
- **VI Raid do Condado Marqués de Vizhoja (26/06/2021).**  
2 equipos participantes
- **Campionato Galego de MTBO, Xeoparque Cabo Ortegal, 1ª e 2ª xornada (3-4/06/2021).**  
2 equipos participantes
- **MTBO Arreiras da Limia (18/06/2021).**  
3 participantes
- **XV Trofeo Quijotes, 5 días de España (28/08/2021).**  
6 participantes



### **4.3.3 Sección Federada de Carreiras Populares**

Debido as restricións impostas por mor da pandemia de COVID-19 non se puideron realizar carreiras populares. Aínda así, o equipo esforzouse en manter a actividade e os adestramentos, sempre respectando as restricións vixentes en cada momento.

#### **Adestrador**

Jorge Castro Castro, *Licenciado en Educación Física/ Adestrador nacional de atletismo*

## *Licenzas*

Esta tempada formalizáronse un total de 5 licenzas, todas na categoría sénior e masculina.

### **4.3.4 Rugby: Kaleido Universidade de Vigo**

#### *Adestradores/as*

Óscar Ferreras Saura (Director Deportivo)

José María Fernández (Liga galega división masculina)

Dimas Lárez, Aarón Cimas (Liga galega feminina)

Vicente Prieta Marín, Ignacio Villegas (Liga galega mista Sub-18)

Daniel Pérez de Lis Louro e Santiago Lemos (Liga galega mista Sub-16)

Carlos Dávila e Antía López Saques, Ignacio Franco (Liga galega mixta Sub-14)

Mónica Sánchez da Cruz, Coordinadora categorías inferiores.

#### *Nº total de licenzas*

En total houbo 222 licenzas, das cales 52 eran sénior masculinas e 17 sénior femininas; 128 de categorías inferiores masculinas e 25 de categorías inferiores femininas.

#### *Resultados finais por equipos:*

##### *Absoluto masculino Liga Galega*

**Clasificación: 2º**

##### *Absoluto feminino Liga Galega*

**Clasificación: 5º**

##### *Liga Galega Sub-18*

**Clasificación: 1º**

##### *Liga Galega Sub-16*

**Clasificación: 1º**

##### *Liga Galega Sub-14*

**Clasificación: 1º**



PROMOCIÓN  
DA SAÚDE



## 5.1 Cuestionarios de aptitude para o exercicio

Segundo as directrices do Colexio Americano de Medicina Deportiva, un total de 115 persoas (o 7,3 % do total) amosaron sinais de risco alto ou moderado no seu cuestionario de aptitude para o exercicio. 225 persoas (un 14,3 % do total) amosaron un risco baixo e un 78,4 % non mostraron sinais de risco.

	Risco moderado ou alto			Risco baixo			Sen risco			TOTAL	
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F
<b>Idade media</b>	29,0	26,1	27,1	35,7	26,3	30,7	25,8	25,3	25,6	27,1	25,6
<b>Cuestionarios</b>	41	74	115	104	121	225	768	463	1231	913	658
<b>%</b>	2,6	4,7	7,3	6,6	7,7	14,3	48,9	29,5	78,4	58,1	41,9

## 5.2 Servizos de medicina deportiva e valoración funcional

Ao longo deste curso, os servizos de medicina deportiva experimentaron unha reorientación e centraron a súa actividade nos servizos de valoración funcional e da condición física saudable.

	Ourense			Pontevedra			Vigo			Conxunto Uvigo	
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F
<b>Antropometría</b>	0	0	0	28	14	42	47	16	63	75	30
<b>Consulta informativa</b>	0	0	0	4	5	9	7	10	17	11	15
<b>Consulta médico-deportiva</b>	0	1	1	0	0	0	2	0	2	2	1
<b>TOTAL</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>32</b>	<b>19</b>	<b>51</b>	<b>56</b>	<b>26</b>	<b>82</b>	<b>88</b>	<b>46</b>
<b>%</b>	0	100	1	63	37	38	68	32	61	66	34

## 5.3 Fisioterapia

As unidades de fisioterapia que a Área de Benestar, Saúde e Deporte ten en cada un dos tres campus realizaron un total de 285 sesións de fisioterapia durante o curso 2020/2021. Atenderon doenzas e patoloxías derivadas fundamentalmente de malos hábitos posturais e dunha actividade física insuficiente.

	Ourense			Pontevedra			Vigo			Conxunto Uvigo		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F	T
<b>Persoas</b>	14	13	27	14	10	24	20	27	47	48	50	<b>98</b>
%	52	48	28	58	42	24	43	57	48	49	51	100
<b>Sesións realizadas</b>	58	60	118	24	19	43	58	66	124	140	145	<b>285</b>
%	49	51	41	56	44	15	47	53	44	49	51	100

## 5.4 Actividades da Rede Española de Universidades Promotoras da Saúde

A Universidade de Vigo, como integrantes da Rede Española de Universidades Promotoras da Saúde (REUPS), participou na dinamización e difusión das seguintes campañas:

- Saúde Afectivo-Sexual: O sexo con diversión e precaución para previr ITS.
- Os beneficios da compaixón e autocompaixón para eliminar o sufrimento.
- Importancia dos hábitos saudables.
- “Importancia do benestar emocional: Atende as túas emocións e aprende a regulalas. Mostrámoste como”.
- 7 de abril: Día Mundial da Saúde. A importancia dunha pausa activa na rutina laboral.
- Prevención do consumo de tabaco. A OMS estableceu que os fumadores teñen máis probabilidades de desenvolver síntomas graves en caso de padecer COVID-19. E se te unes e o deixas hoxe?
- Relación entre os diferentes tipos de contaminación atmosférica e a saúde.

Tamén se participou na asemblea da REUPS do 12 de abril de 2021, a través da asistencia da Vicerreitora de Responsabilidade Social, María Isabel Doval Ruiz.



**EVENTOS**

## 6.1 Organizados pola Área de Benestar, Saúde e Deporte

Por mor da pandemia de COVID-19, non foi posible desenvolver ningún dos eventos deportivos da programación habitual durante o curso 2020/2021.

## 6.2 Sedes doutras actividades e eventos

Durante a corentena, dende mUVers trasladamos un evento e unha actividade en liña a formato virtual:

### *Campus de Ourense*

- Cribado COVID-19 realizado polo SERGAS: 27 e 28 de febreiro de 2021
- Proba de oposición para axentes municipais do concello de Ourense: 26 de xullo de 2021
- CETEC - Proba acceso: 19 de outubro de 2020
- Trofeo Atletismo Aurum: 25 de abril de 2021
- Athletics Meeting: 8 de maio de 2021
- Torneo Tenis - F.G. Tenis: do 14 ao 20 de xuño de 2021
- Discamino: 16 de agosto de 2021
- Final da Copa Galicia de rugby feminino: 26 de xuño de 2021
- Copa Deputación de Ourense de atletismo: 23 e 24 de setembro de 2020

### *Campus de Pontevedra*

- Docencia do Grao de Belas Artes. Materia: "Proxectos de Arte de Acción", 4º curso do Grao de Belas Artes (outubro-novembro 2020)
- Fase de Ascenso a 1ª Galega Junior de Baloncesto Feminino: 19 e 20 de xuño de 2021
- Campus de Baloncesto do C.B. ARXIL: do 23 ao 30 de xuño de 2021

### *Campus de Vigo*

- Celebración do Cross Abanqueiro organizado pola Asociación Viguesa de Atletismo.
- Xornadas de demostración do fútbol gaélico organizadas polo club Kelttoi Vigo.
- Cribado COVID-19 desenvolvido polo SERGAS: 1 ao 3 de marzo de 2021 e 13 ao 14 de setembro do 2021
- Actos de gradación da facultade de CC Económicas e Empresariais: 9 de xullo de 2021 e 10 de xullo de 2021
- Acto de gradación da facultade de CC Xurídicas e do Traballo: 30 de xullo de 2021
- Exames da facultade de CC Económicas e Empresariais: Entre o 11 de xaneiro e o 3 de febreiro de 2021

- Probas de acceso á universidade (ABAU): 15 ao 17 de setembro de 2020, 8 ao 10 de xuño de 2021 e 13 ao 15 de xullo de 2021
- Torneo de rugby escolar no que participaron 200 xogadores e xogadoras.
- Visitas á instalación de enerxía solar do pavillón de deportes do Mestrado en Enerxía e Sustentabilidade Enerxética da Universidade de Vigo.
- Taller de antropometría na aula do Edificio de Deportes e dentro do Mestrado en Nutrición da Universidade de Vigo.
- Visita ás salas de caldeiras das instalacións deportivas dentro do Mestrado en Enxeñaría da Construción da Universidade de Vigo.
- Curso de iniciación de adestradores de baloncesto organizado pola FEGABA.
- Concentración da selección galega de rugby sub14 organizada pola FGR.
- Xornada promocional de Quidditch organizada polo club Vigo Quidditch Team.
- Realización de probas físicas pola empresa Seganosa.
- Probas físicas da Academia Master D para corpos de seguridade.
- Exames técnicos para árbitros da Federación Galega de Fútbol: o Comité Técnico Galego de Árbitros de Fútbol fixo os seus exames técnicos no campo de fútbol e pista de atletismo para 160 árbitros da provincia de Pontevedra.
- Probas físicas para árbitros para a Federación Galega de Fútbol: O Colexio de Árbitros de Fútbol de Vigo utilizou un día ao mes a pista de atletismo para realizar os seus adestramentos.
- Adestramentos de tenis do Colexio O Castro International School
- Adestramentos do equipo de atletismo Sociedad Atlética Val Miñor.
- Xornadas de atletismo do IES Auga da Laxe de Gondomar.
- Visitas á instalación solar polo alumnado do Mestrado en Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais e o Mestrado en Enerxía e Sustentabilidade para analizar a instalación de enerxía solar do noso pavillón de deportes.
- Xornadas de atletismo do CEIP Coutada-Beadé para alumnado de educación primaria.
- Xornadas escolares de atletismo da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia durante o mes de abril.
- Obradoiro de posta en escena dunha obra teatral organizado polo Vicerreitorado de Extensión Universitaria.
- Adestramentos da Federación Galega de Bádminton.
- Adestramentos de atletismo da Academia Fonseca.
- Adestramentos do club CAR Redondela na pista de atletismo.
- Adestramentos de escalada do club Peña Trevinca no rocódromo.
- Xornadas didácticas de orientación do Colexio Sabarís y del CEIP Sárdoma-Moledo.
- Clinic de fútbol e fútbol sala organizado polo club Vigo2015.
- Campus de tenis organizado polo club Cidade Olívica.
- Adestramentos de tenis do club Eirasport.
- Actividades de tecnificación de baloncesto. Organizadas pola Federación Galega de Baloncesto.





**ACTIVIDADES  
DE FORMACIÓN  
E DIVULGACIÓN**

Por mor da crise sanitaria xerada pola pandemia de COVID-19 quedaron sen desenvolver algúns dos principais eventos con periodicidade anual, tales como a carreira/andaina HappyGoRunning ou o Trofeo Universidade de Vigo de Carreiras de Orientación.

## 7.1 Programa de recoñecemento de créditos

Durante este curso, o alumnado obtivo o recoñecemento do labor formativo derivado da súa participación nas seguintes actividades:

### *Escolas deportivas*

- Campus de Ourense: rugby tenis, xadrez e voleibol.
- Campus de Vigo: ioga, natación, tenis e xadrez.

### *Representación da Universidade en competicións federadas*

Alumnado que formou parte dalgún dos equipos da Sección Deportiva da Universidade de Vigo ou daqueles pertencentes a entidades con convenio en competicións oficiais.

## 7.2 Bolsas e prácticas do alumnado

### *Bolsas de formación complementaria: internacionalización e comunicación*

Estas bolsas facilitaron que estudantes da Universidade de Vigo prestasen a súa colaboración en tarefas relacionadas cos seus estudos e en réxime de compatibilidade coas súas obrigas académicas.

A súa duración foi de oito meses, a razón de 15 horas semanais de dedicación, e contaron coa supervisión dun/ha titor/a académico/a da titulación correspondente.

Durante o curso 2020/2021 incorporáronse á Área de Benestar, Saúde e Deporte:


- Un estudante de terceiro curso do Grao en Tradución e Interpretación para o apoio á estratexia de internacionalización.
- Unha alumna do Grao en Comunicación Audiovisual para o apoio na comunicación centrada en redes sociais.
- Unha alumna do Grao en Educación Social para apoiar a difusión das actividades deportivas e culturais propias do campus de Ourense.

### *Alumnado Erasmus en prácticas*

Durante este curso académico dous estudantes do Instituto Politécnico de Santarem (Portugal) realizaron prácticas na Área de Benestar, Saúde e Deporte.

A súa estancia foi de nove meses, comprendidos entre setembro de 2020 e maio de 2021, e aportaron distintos tipos de achegas: comunicación co alumnado Erasmus, creación de contidos para redes sociais, deseño e posta en marcha da primeira edición do programa Exploracampus, etc.





**OUTRAS  
ACTUACIONES**

## 8.1 Internacionalización

### Participación na Rede Europea de Servizos Deportivos Universitarios (ENAS)

O director técnico da Área de Benestar, Saúde e Deporte, en tanto representante da Universidade na rede fixo ás seguintes achegas á esta rede:

- Participante na Asemblea Xeral, desenvolvida en formato telemático o 5 de novembro de 2020.
- Ponente na 3rd ENAS Virtual Roundtable, baixo o título de “University Sport & Covid 19. Virtual Informal Conversation & Exchange of Experiences”, o 19 de novembro de 2020, tamén en modalidade telemática.

### Participación en Proxectos Erasmus

#### Convocatoria Erasmus+ Sport 2021

A Universidade de Vigo, a través da súa Área de Benestar, Saúde e Deporte, concorreu a esta convocatoria como socio do proxecto Campus Coaches, liderado pola Universidade de Trento (Italia).

## 8.2. Calidade

#### Xestión de queixas e suxestións

A Área de Benestar, Saúde e Deporte dispón de diferentes vías para a recepción das queixas, suxestións e parabéns das persoas usuarias: a aplicación QSP da Universidade de Vigo, correos electrónicos, mensaxes e comentarios nas súas redes sociais (Facebook, Twitter e Instagram).

Ao longo do presente curso recibíronse un total de 15 queixas e 17 suxestións que foron respondidas nun tempo medio de 6 días e que versaron sobre os seguintes aspectos:

Temática	N	%
Instalacións	18	56,25%
Persoas	1	3,13%
Actividades e servizos	10	31,25%
Procesos	3	9,38%

Do total das QSPs, o 31,26 % foron remitidas polo alumnado, o 6,25 % polo PAS, o 46,88 % polo PDI e o 15 % restante por outros colectivos. Entre estes datos destaca o forte aumento das queixas e suxestións remitidas polo PDI que cuadruplicaron as porcentaxes respecto de anos anteriores.


## 8.3 Igualdade

Continuouse durante este curso coa análise dos datos de participación dende unha perspectiva de xénero.

A porcentaxe de participación feminina nos diferentes programas deportivos mantívose en xeral máis ou menos estable respecto dos últimos anos aínda que mostrou unha melloría notable na participación nas actividades dirixidas de fitness, nas actividades no medio natural e nos servizos de saúde.

<i>Programa</i>	<i>2017/18</i>	<i>2018/19</i>	<i>2019/20</i>	<i>2020/2021</i>
<b>Actividades de uso libre</b>	23,50%	24,39%	23,39%	21,59%
<b>Actividades dirixidas de fitness</b>	68,69%	69,48%	77,21%	87,55%
<b>Actividades no medio natural</b>	55,59%	52,34%	58,76%	59,64%
<b>Competicións internas</b>	7,99%	6,45%	8,17%	
<b>Competicións interuniversitarias</b>	38,42%	50,73%	44,32%	
<b>Deporte federado</b>	34,84%	33,12%	34,88%	35,51%
<b>Escolas e cursos de iniciación deportiva</b>	38,17%	39,15%	46,96%	45,00%
<b>Persoas abonadas</b>	42,40%	41,92%	40,20%	34,51%
<b>Seguidoras en RRSS</b>	53,00%	54,00%	55,00%	58,20%
<b>Servizos de saúde</b>	48,87%	40,50%	31,70%	45,58%
<b>Total persoas usuarias</b>	35,91%	36,27%	33,48%	32,05%

Entre os aspectos negativos atopamos o descenso de participación nas actividades de uso libre, as persoas abonadas e o número total de usuarios/as, que durante os últimos anos estaban mellorando. A influencia da COVID puido ter repercusións máis negativas para a participación feminina que para a masculina.



## 8.4 Formación do persoal propio

### **Román Lago:**

- Curso online «Gestión de Eventos deportivos». Organizado por COLEF Asturias. 12 h. Maio e xuño do 2021.
- Enfoque de xénero no deseño, execución e avaliación de plans, programas e proxectos. EGAP. Abril e maio do 2021.
- Transparencia: acceso á información pública e publicidade activa. EGAP. Maio e xuño do 2021.
- Básico de subvencións e normativa aplicable. EGAP. Outubro e novembro do 2021.
- Os contratos do sector público. EGAP. Maio e xuño do 2021.

### **Xabier Rial:**

- Curso de inglés B2.2 (Virtual) impartido polo Centro de Linguas. Acreditación da certificación ACLES para o nivel B2. De febreiro a maio de 2021



**ALIANZAS**

## ***9.1 Centros deportivos colaboradores:***

### ***Campus de Ourense***

- Ximnasio 2000
- Ximnasio Dinamic Center
- Ximnasio Marbel
- Sabrosura

### ***Campus de Pontevedra***

- Centro Budo
- Ximnasio Ardeas
- BeOne Campolongo

### ***Campus de Vigo***

- Ximnasio Tao
- Máis que Auga
- Circulo Cultural Mercantil e Industrial de Vigo
- Club de Esgrima Ciudad de Vigo
- CD Coliseum
- Club Kae Sport
- EDAM Center
- Florida Gym
- Ifitness
- Inex Pilates
- Centro Pilates Juan Barberá
- AD Kyap
- TR Sport & Spa
- Mega Sport Center
- Prado Surfing SL
- PROGYM C.B.
- Sailway
- Vigoentrena

## *9.2 Novos convenios e acordos de colaboración*

A Universidade de Vigo estableceu ou actualizou acordos de colaboración en materia de promoción de estilos de vida activos e saudables coas seguintes entidades:

- Marexada Deporte, Lecer e Cultura S.L.
- Club de Esgrima Ciudad de Vigo
- Asociación Universitaria de Ciencias da Educación (AUCE)
- Asociación Alento
- Fundación Igualarte



**INSTALACIONES  
DEPORTIVAS**



## 10.1 Instalacións propias

### Usos colectivos

Ourense	Horas de apertura	% de ocupación	% Actividades propias / uso libre	% Actividades externas
Campo de fútbol / rugby	3187	26,64%	0,00%	100,00%
Pista de atletismo	3261	22,26%	61,78%	38,22%
Pista polideportiva cuberta	3192	33,24%	30,16%	69,84%
